

We   
English

**Peares**   
Centro de inmersión lingüística  
Grupo Socrates.

**PROGRAMA SPRING WEEK**

## Índice

Índice.....	2
1. Alcance .....	3
2. Metodoloxía .....	4
3. Obxectivos.....	5
4. Empresas que interveñen .....	6
5. Procedemento cos centros participantes .....	7
6. Inscripción dos/as participantes.....	8
7. Entrada e saída dos/as participantes .....	9
8. Preparación da mochila.....	10
9. Documentación a presentar á chegada .....	11
10. Cómo é o día a día? .....	12
11. Comunicación.....	14
12. Datos básicos da instalación .....	15
13. Desenvolvemento do programa e xestión dos espazos.....	16
Dormitorios: .....	18
Servizo de comedor:.....	20
14. Seguridade e supervisión .....	24
15. Aulario .....	25

## ESQUEMA DE ORGANIZACIÓN XERAL

### 1. Alcance

O programa consiste nun curso de inmersión lingüística en lingua inglesa durante o cal o alumnado practicará e mellorará o seu dominio do idioma dende un enfoque comunicativo, especialmente oral.

A diario realizarán distintos tipos de actividades:

- Actividades de preparación: recollida preliminar de información e datos sobre o tema do día.
- Actividades prácticas sobre o tema do día a través de obradoiros que poderán realizarse ao longo da estadía
- Actividades de posta en común.
- Periodo de xogos, deporte, etc, en grupo, en lingua inglesa.
- Elaboración dun produto final colectivo. O programa finaliza cunha produción oral colectiva en lingua inglesa do grupo asistente. Esta produción pode servir para expoñela a outros cursos do colexio ao seu regreso.
- Non se impartirán clases formais de gramática inglesa, se ben algunha ou algunhas actividades que se programen diariamente servirán de soporte para traballar nas aulas vocabulario e outras estruturas necesarias para a expresión oral.
- Durante toda a estadía e con posterioridade á cea, organizaranse actividades de velada dinámicas e en lingua inglesa, nas que participará todo o grupo.

Programa de 6 días de duración, entrada o domingo pola tarde e saída o sábado pola mañá.

## 2. Metodoloxía

A metodoloxía xoga un papel fundamental no desenvolvemento do curso, tendo en conta que un dos elementos clave debe ser manter a motivación pola aprendizaxe do alumnado, e conseguir que adquira un papel activo e autónomo no mesmo. Para elo, establecerase unha dinámica activa e divertida que desenvolva o proceso de ensinanza/aprendizaxe baixo os principios dos seguintes enfoques metodolóxicos:

- Aprendizaxe baseado no alumnado: os seus intereses, as súas necesidades e as súas aspiracións serán as claves das que partir, indo do particular ao xeral e construindo cada novo aprendizaxe sobre o anterior.
- Aprendizaxe dialóxico: facilitaranse entornos para a participación, o diálogo e o intercambio de opinións e coñecementos, así como para negociar os temas e tarefas.
- Aprendizaxe entre iguais: os coordinadores/as adquiren o papel de orientadores, promotores e facilitadores de opinión e coñecementos.
- Aprendizaxe participativo e grupal: propoñeranse tarefas coherentes e motivadoras que deben ser resoltas de xeito colaborativo, nas que se valora particularmente a cooperación e a participación.
- Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas extranxeiras (CLIL): como enfoque didáctico ideal para reforzar activamente a competencia lingüística ao mesmo tempo que se traballan asuntos de interese para o alumnado. AICLE/ CLIL fai énfase en dúas propostas metodolóxicas de particular interese: a realización de tarefas ou situación-problema coherentes e interesantes para o alumnado, e o aprender-facendo. O alumnado non estuda inglés en sentido académico: ten que utilizar o inglés como ferramenta para realizar distintas actividades e, como consecuencia, aprende inglés.
- Aprendizaxe flexible: o contexto e a personalización da aprendizaxe son a base para a aprendizaxe. Non hai unha única vía para acadar o obxectivo: o alumnado participa na súa propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos e o modo de traballar que mellor se axuste aos seus intereses e capacidades.

Ademáis, proporanse as seguintes estratexias metodolóxicas para favorecer a aprendizaxe activa e potenciar o desenvolvemento das competencias básicas:

- Crear un ambiente propicio en todas as actividades e espazos compartidos.
- Xerar estratexias participativas.
- Motivar cara o obxecto de aprendizaxe con métodos expostivos.
- Favorecer o uso integrado, crítico e significativo das TIC e de fontes de información diversas.
- Impulsar a avaliación formativa, de xeito que o alumnado non perciba os seus erros como evidencia do que non sabe, se non como clave do que debe aprender.

Cada día proporanse actividades e xogos que promovan a socialización ao tempo que consoliden a aprendizaxe do idioma, con especial atención aos xogos tradicionais do mundo anglosaxón.

### 3. Obxectivos

Co obxectivo de ofrecer unha verdadeira inmersión lingüística, o inglés será a única lingua vehicular que se empregará co alumnado, do mesmo xeito, todas as sinalizacións, así como a información sobre os menús diarios ou calquera outra información relativa ao funcionamento do programa, farase en inglés.

O obxectivo deste programa é a aprendizaxe e utilización práctica da lingua inglesa. Todas as actividades se desenvolverán, polo tanto, íntegramente en inglés. A finalidade será adquirir novos coñecementos, consolidar e practicar o xa coñecido a través de actividades que resulten atractivas e agradables aos participantes.


O obxectivo prioritario da actividade é o desenvolvemento da competencia comunicativa en lingua inglesa para adquirir novos coñecementos, consolidar e practicar o xa coñecido e desenvolver capacidades de escritura, lectura e conversación, a través de temas e actividades pedagóxicas atractivas para os participantes.

## 4. Empresas que interveñen

Para a realización da Spring Week, interveñen dúas empresas, representadas ambas as dúas por un/unha director de programa, coordinadores ,equipo operativo e persoal de información.

Por unha banda Torgalia Gestión S.L, encargada do centro de Inmersión Lingüística Os Peares, realizando a manutención, limpeza, mantemento e coordinación, contando con equipo propio.

Por outra banda Play and Say, encargada da impartición do curso e actividades, contando con equipo propio de profesorado nativo.



## 5.Procedemento cos centros participantes

Tourgalia Gestión contactará cos centros e enviará o presuposto para o número de participantes solicitado.

Unha vez aceptado o presuposto enviarase aos centros a información correspondente ao programa, así coma os pasos a seguir para realizar a inscrición.

Dúas semanas antes do inicio do programa, revisarase a información das inscricións. No caso de que falte algún alumno/a ou falte información, seralle transmito ao centro, para completala.

## 6. Inscrición dos/as participantes

A través do centro escolar e da Consellería de Educación habilitarase un sistema de inscrición. Este formulario cubrirase de xeito on line polos pais. A información que se solicita é a seguinte:

- Mail
- Nome do centro educativo
- Nome, apelidos e dirección do/a participante
- Data de nacemento do/a participante
- Número da tarxeta sanitaria do/a participante
- Datos médicos do/a participante: por exemplo, se ten algúnha alerxia ou asma, e no caso de ter, se toma algunha medicación para alerxia e cal. Se ten insomnio, se sabe nadar, se ten todas as vacinas actualizadas.
- Se padece algunha enfermidade, e no caso de resposta afirmativa, se toma algunha medicación e cal.
- Nome, apelidos e dirección da nai, pai ou titor legal do/a participante
- Teléfono de contacto principal e teléfono de contacto secundario da nai, pai ou titor legal do/a participante
- Correo electrónico da nai, pai ou titor legal do/a participante

Ademais da inscrición, é preciso asinar os seguintes documentos:

- Autorización na protección de datos persoais
- Autorización para suministrar medicación no caso de que sexa preciso e para a toma de decisións médicas básicas de primeira asistencia

Ditos documentos serán enviados ao centro por email para que se encarguen de asinalos cos pais/ nais/ titores legais de cada participante. Os documentos serán entregados ao chegar a Peares arquivados nunha soa carpeta. O persoal de Peares evisará os documentos e procederá en consecuencia.



## 7. Entrada e saída dos/as participantes

- Chegada: Dende as 16:00 h no meeting point, no aulario principal. Realízase o rexistro coa directora do programa e o servizo sanitario.
- Qué entregar no rexistro: tarxeta sanitaria, DNI se é maior de 14 anos, móbil, cargador e medicamentos se os levara. As pertenzas deben estar identificadas co nome, apelidos e PIN no caso do móbil.
- Saída: Dende as 10:00 h.

## 8.Preparación da mochila

Toda a roupa, calzado e accesorios teñen que ir marcados co nome e os dous apelidos.

- 7 camisetas, 4 pantalóns longos.
- 3 suadoiros ou xerseis de manga longa.
- 3 chándales completos ou roupa de deporte.
- 1 toalla de ducha.
- 1 par de sandalias de ducha.
- 7 mudas de roupa interior, calcetíns deportivos (7 pares).
- Calzado deportivo con sola de goma, botas con sola de goma ou zapatos cómodos para andar con sola de goma e zapatillas para o interior.
- 1 prenda de abrigo e un chubasqueiro ou similar.
- Pixamas
- Bolsa de aseo completa: esponxa, cepillo e pasta de dentes, champú, xel de baño, desodorante, colonia e peine
- Bolsa para a roupa sucia
- 1 gorra
- 1 paraugas
- Lanterna

Dado que a estancia é de 6 días non se contempla o uso de lavadora.

Non é necesario traer cartos, xa que non se sae das instalacións e dentro non hai ningún lugar onde podelos gastar.

Artigos que os alumnos e as alumnas participantes non pode traer: obxectos de valor, reprodutores de música, xogos ou outros dispositivos electrónicos, xoias. Cámaras fotográficas: recoméndase levar cámaras desbotables.

Non nos responsabilizamos da perda ou deterioración de artigos pertencentes ao alumnado.

## 9.Documentación a presentar á chegada

O día da recepción, deberase entregar a seguinte documentación á directora e ao servizo sanitario:

- Fotocopia da tarxeta sanitaria da seguridade social ou seguro privado
- Fotocopia do DNI
- Sinatura de documento referente ao tratamento de datos persoais e uso de imaxes e videos, e autorización para a toma de decisión médicas básicas e a administración de medicación, como xa se explicou no punto 6. Se o/a alumno/a está tomando tratamento médico, deberá darnos permiso para suministrarlle a medicación, así como a medicación e a pauta da mesma por escrito.

## 10. Cómo é o día a día?

A continuación, amósase un cadro resumo dos horarios e actividades que se levarán a cabo durante a Spring Week 2023.

TIME	SUNDAY	MONDAY	TUESDAY	WEDNESDAY	THURSDAY	FRIDAY	SATURDAY
08.00-08.30				<b>WAKE UP AND WASH</b>			
08.30-09.15				<b>BREAKFAST</b>			
09.30-11.00		NATURAL & CULTURAL ENVIRONMENT	RESPONSIBLE PRODUCTION AND USE	SUSTAINABILITY & SUSTAINABLE CITIES	RENEWABLE ENERGIES	CLIMATE ACTION	FAREWELL DAY
11.00-11.30				<b>BREAK &amp; SNACK</b>			
11.30-13.30		STOP THE BUS	RECYCLING OLYMPICS	INVENT YOUR OWN CITY	HOUSES	JEOPARDY	
13.30-15.30				<b>LUNCH AND FREE TIME</b>			
15.30-17.00	ARRIVAL AND MEETING	INDOOR CHALLENGE	NATURE WALK	MUSIC GAMES	COMICS	EGG DROP	
17.00-17.30	(16.00-18.00)	BREAK & SNACK		BREAK & SNACK			
17.30-19.30	- Bedrooms and tour. - ORAL EXAMS	<b>PROJECT CLASS</b>	AROUND OS PEARES	<b>PROJECT CLASS</b>			LAST PREP AND THE FINAL SHOW
19.30-20.30	- Knowing each other games.			<b>SHOWERS AND FREE TIME</b>			
20.30-21.15				<b>DINNER</b>			
21.15-22.30	<b>MUSIC BOX</b>	CASINO NIGHT	MOVIE NIGHT	SING OFF	TASK MASTER	DISCO	
22.30-23.30				<b>BED AND SILENCE</b>			

# 11. Comunicación

Comunicación directa coa instalación: Teléfono 618177919 ou email [info@centropeares.es](mailto:info@centropeares.es).

Cando realicen unha chamada a este número será atendida directamente na instalación. Trátase dun teléfono para proporcionar información sobre o desenvolvemento da actividade, información sobre incidencias médicas puntuais, e outros aspectos similares. En ningún caso se trata dunha vía para comunicarse cos participantes, xa que se atoparán en actividades en distintos puntos da instalación.

O horario de atención ao público deste teléfono será de 10:00 h a 15:00 h e de 17:00 a 21:30 h de domingo a sábado. Fora deste horario ou cando o teléfono estea ocupado, disporán dun contestador que será comprobado regularmente polo persoal da actividade.

Teléfonos móbiles dos participantes: consideramos o móbil coma un sistema para facilitar a comunicación coas familias, polo que se poderá traer á Spring Week e será o equipo de monitores/as quen os recolla o primeiro día, nada máis chegar á instalación. O equipo custodiará os teléfonos apagados e os repartirán aos participantes en momentos determinados e de maneira puntual para que poidan comunicar coas familias. Por favor, non esquecer o cargador e traer anotado o código PIN.

O alumnado sen teléfono móbil propio poderán utilizar os dos monitores e monitoras do curso por quendas entre as 19:30 a 20:30 h. (Deben ter en conta que serán varios nenos e nenas os que utilizarán este teléfono, polo que se recomenda que a duración da chamada non supere os 3 minutos para que todos o poidan utilizar.)

O alumnado con teléfono móbil propio terá o mesmo horario, pero sempre serán eles os que chamen para evitar a interrupción continua das actividades. Deste xeito serán os monitores ou monitoras os que organizarán os seus tempos de chamadas.

Serán os alumnos e alumnas os que se poñan en contacto coas familias e non ao contrario para evitar que se bloqueen as liñas telefónicas. O proceso de chamadas realizarase durante o período establecido anteriormente, polo que os seus fillos e as súas fillas poderán chamar en calquera momento. Por favor, pregámoslles sexan pacientes.

En caso de ter algunha dúbida sobre o curso, pregámoslles que se poñan en contacto coa oficina de Play & Say por teléfono ou correo electrónico. Dende alí encargaremos de comunicarnos directamente cos monitores e as monitoras do curso e de darlles unha solución ás súas dúbidas:

- Teléfono de contacto da oficina 943 469 373
- Correo electrónico [info@playandsay.org](mailto:info@playandsay.org)

SMS ou Whatsapp: na ficha de inscrición solicitamos un número de teléfono móbil ao que poder enviar notificación sms ou Whatsapp, no caso de que fora necesario e de xeito puntual. Estes sms ou Whatsapp conterán información relevante e que afecte a un amplo número de persoas. Este sistema asegura rapidez e eficacia na transmisión da información referente á actividade.

Páxina web: ZONA DE FAMILIAS.

1. É unha páxina creada para coñecer as actividades que se realizan durante a Spring Week. A web contén fotos, e resumos das actividades. A web será actualizada á metade do programa dende a instalación.

En todo caso, hai que ter sempre presente que no suposto de que exista algunha circunstancia relevante relacionada co seu fillo/ filla, poñerémonos inmediatamente en contacto cos- coas familias

No caso de que teñan algunha pregunta ou tema de interese que non estivese recollido neste manual, poderán establecer contacto con Peares Centro de Inmersión Lingüística a través do correo electrónico [info@centropeares.es](mailto:info@centropeares.es) ou chamando ao 618177919 e ampliaremos a información.

## 12. Datos básicos da instalación

O Centro de Inmersión Lingüística Os Peares, ubícase nun antigo poboado construído a principios do século XX para albergar aos traballadores e directivos da presa hidroeléctrica de Os Peares. Foi restaurado no ano 2009 por Gas Natural Fenosa, e agora é unha instalación moderna e funcional, situada en plena Ribeira Sacra, na confluencia dos ríos Miño e Sil, un entorno natural único. O complexo dispón de 4 zonas diferenciadas, que se indican a continuación no plano de localización:




Fig. 1.- Localización

Zona 1: Consta dun chalet con 10 habitacións, cociña, sala de estar e varias salas de uso múltiple.

Zona 2: Non está operativa.

Zona 3: Consta de 7 edificios con habitacións, un edificio onde se ubica a enfermaría, o comedor e a cociña e un edificio de sala de ocio e sala polivalente.

Zona 4: Consta dun edificio aulario.

## 13. Desenvolvemento do programa e xestión dos espazos

O programa desenvólvese nas zonas 3 e 4.





Fig.2 .- Emprazamiento zonas 3 e 4





No seguinte esquema, indícanse distancias e dimensións das edificacións:



**Edificio de formación:** Aulario  
 Dimensiones 20 x 16 m  
 Superficie: 1.920 m<sup>2</sup>  
 Garages + planta baja + 4 plantas de aulas + planta superior diáfana con terraza, para usos múltiples  
 Distancia de edificio de formación a edificio restaurante: 128 m  
 Distancia entre edificio comedor y edificio de ocio: 65 m  
 Distancia entre comedor y edificios habitaciones: 15 m  
 Distancia entre edificio de habitaciones: 20 m

**Edificio restaurante:** compuesto por 3 alturas. Planta baja, enfermería y almacenes; planta 1 cocina, comedor y aseos; planta 2 vestuarios, cámaras, almacén y sala de preparación de frío  
 Dimensiones 20 x 20 m  
 Superficie: 1.200 m<sup>2</sup>

**Edificio de ocio:** compuesto por 3 alturas. Planta baja, donde se ubica la sala de ocio/actividades, con aseos; planta alta, donde se ubica una sala polivalente, con aseos.  
 Dimensiones: 18 x 10 m  
 Superficie: 360 m<sup>2</sup>

**Edificios de habitaciones:** 1, 2, 3, 4, 5, 6 y E. Todos los edificios constan de dos plantas de habitaciones.  
 Dimensiones: 23 x 7 m, 23 x 8 m, 24 x 7 m, 24 x 9 m, 27 x 7 m  
 Superficie: 350 m<sup>2</sup> de media cada edificio de habitaciones

**Cenadores cubiertos (en color verde):** el complejo consta de 7 cenadores cubiertos dotados de enchufes, de dimensiones 4 x 4 m.  
 Superficie: 16 m<sup>2</sup> cada cenador

A continuación, descríbese a zona 3. As instalacións constan de edificacións independentes. Todo o poboado está conectado por ascensores e rampas de pedra provistas de pasamáns.

Abarca dende a carretera principal, adonde dan os edificios 7/8 (cocina, comedor e enfermaría) e edificio 9 (edificio de ocio e usos múltiples), ata a parte baixa do poboado, onde se atopan os edificios de habitacións 1, 2 e 3.



Dormitorios:

O alumnado distribuirase nos 7 edificios dispoñibles, que contan con habitacións dobles, cuádruples e séxtuples, todas elas con aseo e ducha incorporados. A capacidade total de ditos edificios é de 278 persoas. A continuación, amósanse fotos, un plano coa distribución dos edificios no poboado, así como a capacidade de cada un deles.



Edificios de descanso (habitacións dotadas todas elas de baño completo: lavabo, inodoro e ducha)




Fig. 3.- Emplazamiento Zona 3


Capacidade de cada edificio de habitacións:

Tabla 1.- Capacidade aloxamento por edificio e tipo de habitación


Edificio	Planta	Hab 1	Hab 2	Hab 4	Hab 6	Capacidad	Cap Ttotal Edif
1	0	2	1	7		32	51
	1	1	1	4		19	
2	0	1		6		25	48
	1	1	1	5		23	
3	0	2			3	20	49
	1	1		7		29	
4	0			3		12	33
	1	1		5		21	
5	0			3		12	33
	1	1		5		21	
6	0			3		12	33
	1	1	2	4		21	
E	0	1	1	7		31	31
							278

As habitacións individuais empréganse fundamentalmente polo profesorado do programa.

Na seguinte figura, amósase un plano de distribución e superficies do edificio 3, nivel 1:



Distribución y superficies edificio 3 nivel 0:



Todas- as habitacións están equipadas con:

- Taquilla individual
- Mesa e cadeira de escritorio individual

- Baño completo, composto por ducha con xabonera, 2 lavabos, inodoro, colgadoiro de toalla de ducha e colgadoiro de toalla de man individuais, papeleira e xabonera.
- As habitacións de 6 prazas están equipadas con 2 duchas.
  - O aloxamento divídese por sexos, é decir, as nenas coas nenas e os nenos cos nenos. Pola noite, os/as monitores estarán vixiando e controlando para asegurar o descanso e seguridade das alumnas e alumnos.
  - O profesorado acompañante pode aloxarse no propio poboado, ou nun edificio independente denominado O chalet, que conta con 10 dormitorios individuais con aseo e ducha incorporados, na Zona 1.



Habitación e sala de estar de “O Chalet”

#### Servizo de comedor:

O edificio comedor consta de tres plantas. Na planta superior (2) atópanse os almacéns e cámaras de refrixeración e conxelación para almacenar os produtos de alimentación. Tamén se encontra a sala de preparación de fríos, os vestiarios para o persoal, o cuarto do lixo e o cuarto de limpeza. Superficie de almacenamento: 32,60 m<sup>2</sup>

Na planta 1, encóntrase a cociña e o comedor, aseos femininos e aseos masculinos. A cociña ten extracción, ao igual que o cuarto de lavado. Ademáis, ten un acceso de persoal que tamén se utiliza como ventilación natural.

O comedor ten extracción forzada e ventilación natural, xa que todo o ventanal frontal é practicable.

Superficie de cociña: 37,80 m<sup>2</sup>.


Superficie zona de lavado: 9,70 m<sup>2</sup>.

Superficie aseos: 19,05 m<sup>2</sup>.

Superficie autoservicio: 28,60 m<sup>2</sup>.

Superficie comedor: 216 m<sup>2</sup>.





Distribución de planta comedor

Dispón de unha liña de autoservizo equipada con neveira e varios refrixeradores, mesa fría e varias mesas quentes.

O comedor é totalmente exterior, con un gran ventanal con vistas ó ao complexo e a ~~ha~~ á natureza.

Respecto ao equipamento de cociña, ésta consta de:

- Forno eléctrico
- Prancha
- Cociña fogóns a gas
- Fritidoras
- Marmita
- Mesas quentes (2)
- Fregadeiros
- Liña de lavado (con lavavouzas)
- Almacén menaxe



Fotos comedor



Qué tipo de alimentación imos a ter durante a-Spring Week?

Durante seis días imos vivir nun entorno non habitual. Van a ser días repletos de actividades polo que necesitamos unha alimentación completa e variada, estando presentes todos os grupos alimenticios, sen esquecer os gustos dos/as participantes.

Realizamos cinco comidas ao día: almorzo, media mañá, xantar, merenda e cea.

O almorzón é un bufé con zumes, cereais, galletas, pan con manteiga e marmelada, froita e leite con cacao.

Na media mañá tómase froita.

Na merenda teremos bocadillos variados de fiambres, queixos e crema de cacao.

Os xantares e as ceas constarán de primeiro prato, segundo prato e postre.

Tendo en conta que se trata dunha inmersión lingüística, ao longo da semana serviránse diferentes pratos típicos ingleses, coma fish and chips (peixe con patacas), leek and potato soup (crema de porro e pataca), roasted cod and potatoes (bacallau ao forno con patacas), cottage pie (pastel de carne), american burger, xunto con pratos máis tradicionais coma spanish omelette (tortilla española) e paella de verduras.

A manutención e limpeza está a cargo dun equipo especializado e residente na instalación. Contan con anos de experiencia na prestación do servizo neste tipo de actividades. Todos os pratos son de elaboración propia.

Adaptaranse os menús a participantes con necesidades dietéticas especiais (por motivos de saúde, alerxias, intolerancias e relixiosos). Cada caso será avaliado individualmente. É fundamental indicalo na ficha de inscrición para facilitar menús alternativos.

## SPRING WEEK MENU 2023

	SUNDAY	MONDAY	TUESDAY	WEDNESDAY	THURSDAY	FRIDAY	SATURDAY
<b>BREAKFAST</b>		Milk with cocoa, juice, biscuits, cereals, fresh fruit, bread, butter and iam	Milk with cocoa, juice, biscuits, cereals, fresh fruit, bread, butter and iam	Milk with cocoa, juice, cake, cereals, fresh fruit, bread, butter and jam	Milk with cocoa, juice, biscuits, cereals, fresh fruit, bread, butter and iam	Milk with cocoa, juice, biscuits, cereals, fresh fruit, bread, butter and jam	Milk with cocoa, juice, cake, cereals, fresh fruit, bread, butter and jam
<b>SANCK</b>		Banana	Pear	Apple	Banana	Tangerine	
<b>LUNCH</b>		Macaroni, tomato, vegetables and tuna	Vegetable lentills	Caprese salad(tomato, fresh cheese, grapes rainsis, olives)	Pasta salad	Spaghetti	
		Roast Chicken with mushrooms	Roasted Hake & Potatos	Raxo + Rosted Potato	Cottage Pie	Meatballs in sauce with rice	
<b>SNACK</b>		Apple	Flavored yogurt	Banana	Natural yogurt	Apple	
		York ham sandwich	Serrano ham and tomato sandwich	Cocoa cream sandwich	Cold cut turkey sandwich	Cheese sandwich	
<b>DINNER</b>	Leek & potato soup + toast bread	American burger	Sopa de Fideos	Galician soup	Paella	Vegetables cream	
	Fish and chips and salad	Chips + ensalada de tomato	Spanish omelette and tomato salad	Squids stew	Battered hake with salad	Pizza	
	Natural yogurt	Strawberry yogurt	Tangerine	Rice pudding	Macedonia	Flavored yogurt	

## 14. Seguridade e supervisión

Todo o noso equipo convive nas mesmas instalacións durante o programa e supervisa aos participantes durante as 24 horas do día. A nosa directora, coordinador, monitores/as e profesores/as nativos acompañan aos alumnos e alumnas en todo momento e é responsable do seu benestar emocional e físico.

Os/as alumnas non teñen permiso para saír fora do recinto sen ir na compañía dun/unha monitor/a. O ratio de monitor/a-alumno/a é de 1:10.

O recinto dispón de peche perimetral de seguridade e videovixilancia.

Dispoñemos dos seguros obrigatorios de Responsabilidade Civil e Accidentes.

Na planta baixa, atópase a enfermería e o almacén de roupa de cama.

A actividade conta co seu propio persoal sanitario, que reside durante todo o programa na instalación as 24 horas. Será o responsable de atender as lesións leves e afeccións típicas. A enfermería está equipada cos medios axeitados para o tratamento de continxencias leves. No caso de que ocorra un accidente grave ou se detecte o principio dunha enfermidade, o/ alumno/a será trasladado inmediatamente nun vehículo ao centro sanitario máis cercano. Naturalmente, neste caso, as familias–son avisadas de inmediato.

O centro de saúde máis cercano é o de Os Peares, situado a 2 km das instalacións. E o hospital máis cercano é o de Ourense, situado a 25 km, e o de Monforte de Lemos a 30 km.

Se o/a participante segue algún tratamento médico, deberá levar as doses necesarias para a semana, así coma un escrito detallando claramente as doses e horarios de administración, e se existe necesidade dalgunha precaución en particular. Todo isto entregárase ao responsable sanitario o primeiro día.

Para asegurar unha correcta asistencia sanitaria, necesitamos que os/as participantes traían o orixinal da tarxeta da seguridade social ou seguro privado.




## 15. Aulario




Edificio de 6 plantas destinado á ensinanza. Dotado con ascensor. Cada planta conta con aseos femininos e masculinos.

- Aulas e equipamento: O aulario dispón de 36 aulas, con capacidade para 248 persoas. Empregaranse as aulas segundo os grupos e as necesidades do programa.




Plano distribución plantas 2 y 3 del aulario



Fotos de aulas

- Espazos comúns: emprégase a planta principal e o ático do aulario para realizar actividades comúns. Para as veladas e o resto de actividades complementarias, dispoñemos do edificio polivalente, ademais do comedor.



*Plano distribución planta 6 del aulario*




*Fotos de planta 6 del aulario*



*Fotos de vestíbulo de planta 1 del aulario*

Dentro do recinto da zona 3, onde se atopan os edificios de descanso e o comedor, hai tamén un edificio de ocio e usos múltiples. Consta de dúas plantas, diáfanas, equipadas e dotadas con aseos masculinos e femininos cada unha delas.



Plano distribución planta 1 del edificio de actividades/ocio



Fotos de las plantas 0 y 1 del edificio de actividades/ocio

- Espacios exteriores: a instalación dispón de pequenas zonas de recreo e cenadores. Cada cenador ten capacidade para 15 persoas. Están cubertos por pérgolas e dispoñen de enchufes, mesas e cadeiras.



Foto de dos de los cenadores que se encuentran en la instalación en la Zona 3